



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



BASES DE CONDICIÓN ECONÓMICAS E ADMINISTRATIVAS PARA O OUTORGAMENTO DE ATA TRES AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE QUIOSCOS OU INSTALACIÓN DE SERVIZO DE TEMPADA NAS PRAIAS DE MOURILLÁ, OUTEIRO E O RODO SITAS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO

I. ANTECEDENTES

Primeiro

Con data 19 de maio de 2025 publicouse no Boletín Oficial del Estado o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a dita comunidade autónoma, entre outras, as funcións relativas á xestión e ao outorgamento das autorizacións de usos de tempada nas praias e no mar territorial.

Segundo

Con data 1 de xullo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral.

Terceiro

Con data 29 de outubro de 2025, o Concello de Valdoviño presentou ante a administración competente en materia de litoral, solicitude de autorización para a explotación dos servizos de tempada, de conformidade coas instalacións e actividades descritas no correspondente Plan de explotación.

Cuarto

O Plan de explotación do dominio público marítimo-terrestre do Concello de Valdoviño, como instrumento de ordenación municipal dos servizos de tempada, prevé, para os quioscos e instalacións de servizo, a instalación de tres (3) quioscos ou instalacións móbiles ou desmontables nas praias de Mourillá, Outeiro e O Rodo, cunha ocupación máxima de 70 m² por instalación, dos cales 20 m² como máximo poderán destinarse a zona pechada.

Quinto

A Resolución de autorización ao Concello de Valdoviño da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, constitúe o marco habilitante ao que deben axustarse as autorizacións municipais de quioscos e instalacións de servizo obxecto das presentes bases. En consecuencia, o seu ámbito temporal queda referido á tempada 2026,



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



sen prexuízo da posibilidade de prórroga nos termos previstos na propia resolución e logo da tramitación do procedemento que legalmente corresponda.

Sexto

A resolución autorizatoria e o Plan Municipal distinguen entre as autorizacións relativas a escolas de surf e as correspondentes a quioscos ou instalacións de servizo, polo que, para os efectos de seguridade xurídica e de adecuada delimitación do obxecto, o Concello tramita bases diferenciadas, referíndose as presentes exclusivamente aos quioscos ou instalacións de servizo.

Sétimo

Correspóndelle á Administración xeral do Estado a fixación do importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, así como a titularidade dos dereitos económicos derivados de dita utilización ou aproveitamento, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do Regulamento xeral de costas.

II. DISPOSICIÓNS XERAIS

Base 1. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento para o outorgamento de ata tres (3) autorizacións municipais para a instalación e explotación de quioscos ou instalacións de servizo de tempada nas praias de Mourillá, Outeiro e O Rodo.

As presentes bases teñen por finalidade ordenar a utilización temporal do dominio público marítimo-terrestre de forma compatible co uso común xeral, a seguridade das persoas usuarias, a protección do medio litoral e a adecuada prestación de servizos de tempada de interese público.

As autorizacións municipais reguladas nestas bases serán independentes da obtención de calquera outras licenzas, permisos, autorizacións, declaracións responsables ou títulos habilitantes que resulten esixibles por razón da actividade ou da normativa sectorial aplicable.

Base 2. Natureza xurídica

As autorizacións obxecto das presentes bases teñen natureza de autorizacións administrativas, outorgadas polo Concello de Valdoviño no marco da Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026.

Base 3. Réxime xurídico aplicable

O presente procedemento rexerase por:

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



- Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.
- Real decreto 394/2025, do 13 de maio, e o Decreto 50/2025, do 30 de xuño, en canto determinan o marco competencial vixente en Galicia.
- Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, pola que se autoriza a explotación dos servizos de tempada do Concello de Valdoviño.
- Guía de instalacións e actividades de tempada no litoral de Galicia para o ano 2026, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Plan de explotación do dominio público marítimo-terrestre do Concello de Valdoviño.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A normativa de réxime local aplicable.
- As presentes bases e a demais documentación incorporada ao procedemento.

Base 4. Subordinación á resolución habilitante

As autorizacións municipais obxecto das presentes bases concedense en execución, desenvolvemento e dentro do estrito marco da Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026. En consecuencia, quedan integramente condicionadas, limitadas e subordinadas ao seu contido, alcance, delimitación espacial, prazo, número máximo de instalacións, condicións técnicas, ambientais, de ocupación e demais determinacións aplicables.

Ningunha previsión das presentes bases poderá interpretarse en sentido máis amplo ou incompatible coa resolución habilitante, que prevalecerá en todo caso.

As presentes autorizacións teñen carácter condicionado e precario, polo que o Concello poderá acordar a súa revogación ou extinción anticipada en caso de incumprimento das condicións establecidas ou por razóns de interese público, sen dereito a indemnización.

O outorgamento destas autorizacións non exclúe nin substitúe a necesidade de obter cantas licenzas, permisos, autorizacións, declaracións responsables ou demais títulos habilitantes resulten legalmente exixibles por razón da actividade ou da normativa sectorial aplicable.

A perda de vixencia, modificación, suspensión ou revogación de dita resolución comportará a adaptación, suspensión ou extinción das autorizacións municipais outorgadas ao seu abeiro, sen dereito a indemnización fronte ao Concello.

As autorizacións municipais outorgadas ao abeiro das presentes bases quedarán igualmente suxeitas ao cumprimento das condicións xerais, técnicas, ambientais e de ocupación recollidas na



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, e nos seus anexos, así como nos informes incorporados ao expediente que resulten aplicables.

Base 5. Finalidade pública

A finalidade das presentes bases é ordenar o desenvolvemento dos quioscos ou instalacións de servizo de tempada nas praias do termo municipal, asegurando a súa compatibilidade co uso común xeral do litoral, a seguridade das persoas usuarias, a adecuada protección ambiental e a correcta prestación do servizo.

III. ÁMBITO, PRAZO E RÉXIME ECONÓMICO

Base 6. Número máximo, localización e superficie

O número máximo de autorizacións que se poderán outorgar será de tres (3).

As instalacións corresponderanse cos seguintes emprazamentos:

Lote 1: Praia de Mourillá.

Lote 2: Praia de Outeiro.

Lote 3: Praia de O Rodo.

A ocupación máxima autorizada para cada instalación será de 70 m², dos cales 20 m² como máximo poderán destinarse a zona pechada.

As instalacións deberán situarse exclusivamente nos emprazamentos delimitados nos planos de localización incorporados como Anexo IV ás presentes bases, que se corresponden cos incorporados ao Plan de explotación do dominio público marítimo-terrestre do Concello de Valdoviño e á Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026.

Base 7. Prazo

As autorizacións que se concedan ao abeiro destas bases terán vixencia dentro do marco temporal fixado na Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, quedando a tempada fixada, como máximo, entre o inicio do período de Semana Santa, entendendo por tal o venres inmediatamente anterior á festividade de Venres Santo, e o 31 de outubro.

Dita vixencia poderá ser obxecto, se é o caso, de prórroga, sempre que así resulte posible conforme ao disposto na resolución habilitante e logo da adopción do acordo ou acto administrativo que legalmente proceda.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 8. Canon mínimo

Correspóndelle á Administración xeral do Estado a fixación do importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, así como a titularidade dos dereitos económicos derivados de dita utilización ou aproveitamento.

Para os efectos da presente convocatoria, e con carácter meramente estimativo e orientativo, fíxase como canon mínimo para cada un dos lotes o seguinte, de conformidade coas estimacións incorporadas ao expediente pola Demarcación de Costas en Galicia:

Lote 1: Praia de Mourillá: 4.227,84 euros.

Lote 2: Praia de Outeiro: 4.227,84 euros.

Lote 3: Praia de O Rodo: 4.227,84 euros.

Ditas contías teñen carácter meramente estimativo, orientativo e non vinculante para o Concello, podendo ser modificadas, actualizadas ou concretadas polo órgano competente.

As contías finalmente exixibles serán as que resulten da resolución, liquidación ou acto que dite a administración competente, aínda que difiran das estimacións incorporadas a estas bases.

As persoas interesadas, no momento de presentar a súa solicitude, asumirán como oferta económica mínima o canon mínimo fixado para o correspondente lote, sen prexuízo de poder mellorar libremente dita oferta.

Base 9. Garantía ou fianza

Para os efectos meramente orientativos e como estimación incorporada ao expediente pola Demarcación de Costas en Galicia, figura para cada unha das instalacións unha estimación de fianza por importe de:

Lote 1: Praia de Mourillá: 2.232,00 euros.

Lote 2: Praia de Outeiro: 2.232,00 euros.

Lote 3: Praia de O Rodo: 2.232,00 euros.

Tales importes teñen carácter meramente estimativo e non vinculante para o Concello, podendo ser modificados ou concretados polo órgano competente.

A falta de constitución da garantía ou fianza que resulte finalmente exixible impedirá o inicio da actividade ou determinará a ineficacia da adxudicación, segundo proceda.

Base 10. Depósito previo á explotación

De conformidade coa Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, con carácter previo ao inicio da explotación as persoas adxudicatarias deberán constituír un depósito previo á disposición da correspondente



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Dirección Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para responder dos gastos de execución subsidiaria da retirada das instalacións, así como das penalizacións, responsabilidades e incumprimentos en que poidan incurrir.

O importe do depósito previo, fixado pola citada resolución, será de 25,00 euros por metro cadrado de ocupación.

O depósito poderá formalizarse por calquera dos sistemas admitidos pola normativa vixente na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, na Consellería de Facenda ou nas delegacións provinciais da ATRIGA.

A persoa adxudicataria deberá entregar ao Concello o xustificante acreditativo da constitución de dito depósito antes do inicio da actividade.

IV. PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO

Base 11. Capacidade para concorrer

Poderán participar as persoas físicas e xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen incursas en ningunha das causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, así como que estean ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non manteñan débedas pendentes co Concello de Valdoviño ou coa Deputación da Coruña.

Base 12. Presentación de solicitudes

Coa finalidade de dar a coñecer entre as persoas interesadas a convocatoria dos quioscos obxecto das presentes bases, procederase a publicar o correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG), na sede electrónica municipal-taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes finalizará transcorridos dez (10) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG.

As persoas interesadas deberán presentar solicitude dirixida ao Sr. alcalde mediante instancia, acompañada dos anexos (I, II, III) e a documentación exixida (Base 14) en **sobre pechado**.

Unha vez realizada a licitación, se unha das persoas adxudicatarias renunciase ao posto, este adxudicarase á persoa licitadora seguinte que máis se aproxime á oferta anterior para o mesmo posto; porén, o prezo da adxudicación quedará fixado polo importe ofertado pola mellor licitadora, polo que a titular da segunda oferta terá dereito, no caso de renuncia da primeira, á explotación do posto sempre e cando asuma voluntariamente o aboamento do importe que fora ofertado como mellor oferta, de maneira que o valor do posto quedará invariable con independencia das renuncias que poidan existir. Esta regra servirá para o caso de renuncias sucesivas.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



A presentación da solicitude de participación suporá a aceptación incondicional do contido íntegro das presentes bases, sen excepción nin reserva ningunha.

Base 13. Gastos do anuncio

O importe dos anuncios de licitación e demais gastos de publicidade que, se é o caso, resulten exixibles, será por conta das persoas adxudicatarias, distribuíndose proporcionalmente entre elas.

Base 14. Documentación que se debe presentar

Xunto coa solicitude deberá achegarse, cando menos, a seguinte documentación:

- a) Solicitude, debidamente cuberta, con indicación dos datos da persoa solicitante: nome e apelidos, NIF/NIE e, se é o caso, acreditación da condición de representante voluntario ou legal cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.
- b) Copia do documento de identidade da persoa solicitante ou, se é o caso, CIF da entidade solicitante.
- c) Xustificante de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- e) Documentación acreditativa de dispoñer de seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros e de seguro de accidentes con coberturas suficientes e axeitadas á natureza e alcance da actividade, ambos vixentes na data de inicio do período solicitado.
- f) Proposta da zona que se vai ocupar, distinguindo a superficie pechada da destinada a mesas e cadeiras no exterior. No caso de terrazas, deberá solicitarse a superficie ocupada polo perímetro da totalidade das mesas e cadeiras.
- g) Fotografía, infografía, catálogo ou, se é o caso, documentación descritiva das características dos quioscos, mesas, cadeiras e demais elementos que se pretendan utilizar.
- h) Croquis e fotografía da instalación, así como descrición dos servizos de abastecemento, electricidade e saneamento.
- i) Orzamento xustificado das instalacións e estudo xustificado da previsión de beneficios netos no período solicitado.
- j) Oferta económica conforme ao modelo que se incorpora como Anexo III.
- k) Calquera outra documentación que exixa a resolución habilitante ou a normativa sectorial de aplicación.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 15. Apertura de ofertas e Comisión de valoración

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, por resolución da Alcaldía convocarase o acto de apertura das propostas, que terá lugar na Casa do Concello de Valdoviño, ás 10:30 horas do terceiro día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación de ofertas, ante unha Comisión constituída para o efecto, coa finalidade de valorar as ofertas recibidas e elevar á Alcaldía a correspondente proposta de resolución.

A Comisión estará integrada polas seguintes persoas:

Presidencia:

Don Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño.

Vogalías:

Dona Rosa Ana García López, Concellería de Turismo.

Don Sergio Saavedra Gutiérrez, Concellería de Deportes.

Don Ramón Couce Blanco, técnico municipal.

Don José Juan López Becerra, técnico municipal de deportes.

Secretaría:

Dona Carlota González Navarro, secretaria do Concello de Valdoviño, que actuará dando fe do acto.

A Comisión, à vista das propostas presentadas e das demais circunstancias que deban ser tidas en conta, valorará as distintas ofertas e as clasificará de maior a menor canon ofertado.

A continuación, a Comisión formulará proposta de asignación de postos en función do prezo ofertado, por ser este o único criterio de adxudicación previsto nas presentes bases.

En caso de empate entre as mellores ofertas económicas presentadas, este resolverase mediante sorteo realizado en acto público.

Base 16. Adxudicación, renuncias e comunicación ao Servizo de Litoral

A adxudicación da explotación dos postos correspóndelle á Alcaldía, atendendo á proposta formulada pola Comisión, e será firme dende a recepción da notificación por quen resulte adxudicatario, debendo este ingresar, no prazo de dez días, na conta que se sinale, todas as cantidades económicas que se deriven da autorización. Sen dito ingreso non adquirirá firmeza a adxudicación realizada.

Se algunha das persoas adxudicatarias renuncia ao posto adxudicado, este adxudicarase á persoa licitadora seguinte que presentase a oferta máis alta para ese mesmo posto. Nese caso, a adxudicación quedará condicionada a que esta acepte expresamente a explotación do posto polo



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



importe correspondente á mellor oferta presentada para ese lote, que permanecerá invariable pese á renuncia. Esta mesma regra aplicarase en caso de renuncias sucesivas.

O Concello remitirá ao Servizo de Litoral da correspondente Dirección Territorial da Xunta de Galicia, antes do inicio da actividade, a relación nominal de terceiros autorizados.

V. CONDICIÓN S DE EXPLOTACIÓN

Base 17. Tipoloxía e condicións xerais das instalacións

- As instalacións deberán axustarse, ademais das presentes bases, ás condicións establecidas na Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, e ás restantes determinacións técnicas, ambientais e de ocupación que resulten aplicables.
- Todas as instalacións que se monten deberán reunir as condicións de solidez e seguridade axeitadas ao uso ao que se destinen.
- Todas as instalacións deberán m
- Manterse nas debidas condicións de limpeza e decoro.
- En todo caso, a tipoloxía das instalacións deberá harmonizar coa contorna, empregando materiais axeitados e de calidade, cun adecuado aspecto estético e bo estado de conservación.
- Non se permitirá en ningún caso a construción de obras de fábrica nin outras obras fixas. As instalacións provisionais irán apoiadas e suxeitas ao terreo sen ningún tipo de cimentación.
- Todas as condicións de servizo ás instalacións desmontables deberán ser soterradas. O sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Para tal efecto, as instalacións deberán conectarse á rede xeral de saneamento, se esta existise, quedando en todo caso prohibidos os sistemas de drenaxe ou absorción que poidan afectar ao terreo da parcela ou á area da praia, así como á calidade das augas de cursos próximos. No caso de non existir rede municipal de saneamento, as augas residuais procedentes das instalacións deberán conducirse a un depósito estanco e soterrado, que será baleirado periodicamente por unha empresa legalmente habilitada.
- Cando se empreguen contedores ou outras estruturas prefabricadas similares, estas non poderán manter o seu acabado metálico, debendo recubrirse na súa totalidade con paneis de madeira ou material similar, de modo que se cumpran as condicións de integración paisaxística anteriormente indicadas.
- As cores dos materiais empregados deberán axustarse ao indicado na Guía de cor e materiais de Galicia editada pola Xunta de Galicia, ou ao instrumento que a substitúa.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 18. Obrigas das persoas adxudicatarias

Serán obrigas das persoas adxudicatarias, ademais das establecidas na normativa aplicable, as seguintes:

- a) instalar, explotar e retirar a instalación dentro do prazo autorizado.
- b) respectar estritamente a localización, superficie e configuración autorizadas.
- c) manter en perfecto estado de limpeza o espazo ocupado e a súa contorna inmediata.
- d) xestionar axeitadamente os residuos xerados pola actividade.
- e) garantir o correcto funcionamento do sistema de saneamento e a ausencia de vertidos.
- f) aboar o canon, fianza, depósito previo e demais gastos que procedan na contía e forma que determine o órgano competente en cada momento.
- g) manter vixente durante todo o período autorizado o seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros e o seguro de accidentes, xunto co pagamento ao día das primas correspondentes, con coberturas suficientes e axeitadas á natureza e alcance da actividade .
- h) facilitar a inspección municipal e a das demais administracións competentes.
- i) comunicar ao Concello, con antelación suficiente, a colocación e retirada das instalacións para os efectos de supervisión.
- j) desmontar e retirar completamente a instalación ao finalizar o prazo autorizado, deixando o dominio público en perfecto estado e completamente desocupado.
- k) cumprir as instrucións municipais en materia de seguridade, limpeza, mantemento, horarios e protección ambiental.
- l) manterse durante toda a vixencia da autorización ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e co Concello de Valdoviño.
- m) cumprir integramente as condicións xerais, técnicas, ambientais e de ocupación impostas na resolución habilitante e nos informes incorporados ao expediente.

Base 19. Carácter persoal e intransmisible da autorización

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas, transmitidas, arrendadas nin explotadas por persoa distinta da adxudicataria sen autorización expresa do Concello e, se é o caso, da administración competente.

Base 20. Inspección e control

O Concello poderá inspeccionar en calquera momento o desenvolvemento da actividade e o cumprimento das condicións impostas.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Así mesmo, a persoa adxudicataria quedará sometida ás actuacións de comprobación, vixilancia e inspección das restantes administracións competentes.

Base 21. Obrigas ambientais

A actividade deberá desenvolverse con pleno respecto á contorna litoral, ao sistema dunar, aos accesos e aos demais valores ambientais e paisaxísticos presentes no ámbito de actuación.

Quedan prohibidos os vertidos, os amoreamentos indebidos, as ocupacións non autorizadas e, en xeral, calquera actuación que poida ocasionar deterioración do dominio público marítimo-terrestre, dos seus elementos naturais ou das condicións ambientais da contorna.

As persoas adxudicatarias deberán desenvolver a actividade co menor impacto posible sobre o medio natural e adoptar cantas medidas preventivas resulten necesarias para garantir a adecuada conservación do espazo ocupado e da súa contorna inmediata.

Base 22. Prohibicións

Queda prohibido:

- a) ocupar maior superficie da autorizada.
- b) realizar obras fixas, cimentacións ou actuacións que alteren o terreo.
- c) almacenar materiais, amoreamentos ou depósitos de residuos fóra do espazo autorizado.
- d) desenvolver actividades distintas das autorizadas.
- e) evacuar ou verter augas sucias ou residuos sólidos.
- f) instalar fosas sépticas non autorizadas.
- g) instalar elementos non previstos ou incompatibles coa tipoloxía autorizada.
- h) producir molestias, vertidos, ruídos ou impactos incompatibles co uso público do litoral.
- i) impedir ou dificultar o uso común xeral da praia.
- j) realizar actuacións contrarias ás condicións xerais, técnicas, ambientais e de ocupación impostas na resolución habilitante ou nos informes incorporados ao expediente.

Base 23. Montaxe e desmontaxe das instalacións

A montaxe e desmontaxe das instalacións deberá realizarse dentro do período autorizado e nas condicións establecidas na resolución habilitante, respectando en todo momento a contorna litoral e as determinacións técnicas, ambientais e de ocupación aplicables.

Finalizado o período autorizado, as persoas adxudicatarias deberán retirar completamente as instalacións e deixar o dominio público marítimo-terrestre no debido estado de limpeza e conservación.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



VI. EXTINCIÓN E RÉXIME FINAL

Base 24. Causas de suspensión, revogación ou extinción

Serán causas de suspensión, revogación ou extinción da autorización as seguintes:

- a) transcurso do prazo autorizado.
- b) a renuncia da persoa titular.
- c) a falta de pagamento do canon, garantía, depósito previo ou calquera outro esixible.
- d) a alteración dos usos autorizados.
- e) a desatención de dous requirimentos formulados polos servizos municipais competentes en materia de seguridade pública, por calquera autoridade municipal ou pola Policía Local. O primeiro requirimento terá carácter de advertencia.
- f) a existencia de débedas pendentes co Concello de Valdoviño ou coa Deputación da Coruña.
- g) o aumento da ocupación autorizada.
- h) o almacenamento exterior de amoreamentos, materiais ou depósitos de residuos.
- i) a evacuación ou vertido de augas sucias ou residuos sólidos.
- j) a instalación de fosas sépticas non autorizadas.
- k) a cesión, transmisión, arrendamento ou explotación da autorización por persoa distinta da adxudicataria sen autorización expresa.
- l) o incumprimento das obrigas e condicións impostas nas presentes bases, na resolución habilitante ou na normativa aplicable, incluída a lexislación de costas, o seu regulamento e o planeamento urbanístico do Concello de Valdoviño e as súas ordenanzas reguladoras.
- m) a perda de vixencia, modificación, suspensión ou revogación da resolución habilitante.

A suspensión, revogación ou extinción da autorización será compatible coa exixencia das responsabilidades que correspondan pola comisión de infraccións administrativas, logo da instrución do correspondente procedemento sancionador.

Base 25. Efectos

A perda de vixencia, modificación, suspensión ou revogación da resolución habilitante determinará a adaptación, suspensión ou extinción das autorizacións municipais outorgadas ao abeiro das presentes bases.

A revogación, suspensión ou extinción non xerará dereito a indemnización fronte ao Concello.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 26. Publicidade

A convocatoria e as presentes bases serán obxecto de publicación na sede electrónica municipal-taboleiro de anuncios, DOG e demais medios que procedan.

Base 27. Protección de datos

Os datos persoais tratados no presente procedemento serán xestionados de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Base 28. Recursos

Contra os actos administrativos ditados no presente procedemento poderán interpoñerse os recursos administrativos e contencioso-administrativos que procedan conforme á lexislación vixente.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



ANEXO I. SOLICITUDE

Datos da persoa solicitante

Nome e apelidos / Denominación social: _____

NIF/NIE/CIF: _____

Domicilio: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Representación

Nome e apelidos da persoa representante, se é o caso: _____

NIF/NIE: _____

Documento acreditativo da representación: _____

Autorización para comprobación de datos

A persoa solicitante autoriza expresamente ao Concello de Valdoviño para comprobar de oficio se se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas co propio Concello de Valdoviño e coa Deputación da Coruña. No caso de non autorizar dita comprobación, deberá achegar a documentación acreditativa correspondente.

☐ Si

☐ Non

EXPÓN

Que, á vista da convocatoria, reúne os requisitos exixidos e acompaña a documentación requirida.

SOLICITA

Ser admitido/a no procedemento para o outorgamento de autorización municipal para o lote

☐ Lote 1 - Mourillá

☐ Lote 2 - Outeiro

☐ Lote 3 - O Rodo

En _____, a ____ de _____ de _____

Sinatura



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____ con DNI/NIF nº _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que reúne plena capacidade de obrar.
2. Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
3. Que se atopa dada de alta ou se compromete a darse de alta na actividade económica correspondente.
4. Que dispón de seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros e de seguro de accidentes, ou se compromete a telos vixentes na data de inicio do período solicitado.
5. Que coñece e acepta integramente as presentes bases, así como canta outra normativa resulte de aplicación.
6. Que se compromete a cumprir as obrigas establecidas nas presentes bases e a aboar os dereitos, canons, taxas, depósitos e demais importes que poidan derivarse de resultar adxudicataria da autorización solicitada.
7. Que asume expresamente que o canon, fianza e depósito previo pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre corresponde á administración competente e que procederá á súa liquidación e aboamento polo importe definitivo que resulte exixible pola administración competente.
8. Que coñece que os importes económicos recollidos nas presentes bases teñen carácter estimado cando así se indique e que poderán ser modificados polo órgano competente.
9. Que se compromete a desenvolver a actividade con pleno respecto ao uso público xeral, á seguridade e ao medio litoral.
10. Que non mantén débedas pendentes co Concello de Valdoviño na data de presentación da solicitude.

E para que así conste, asina a presente en _____, a ____ de _____ de _____

Sinatura



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



ANEXO III. OFERTA ECONÓMICA

D./D.^a _____ con DNI/NIF nº _____

Lote 1 - Mourillá: _____ €

Lote 2 - Outeiro: _____ €

Lote 3 - O Rodo: _____ €

A presente oferta fórmulase con aceptación íntegra das bases e por importe non inferior ao canon mínimo fixado para o correspondente lote, sen prexuízo do canon definitivo que en cada caso determine o órgano competente.

En _____, a ____ de _____ de _____

Sinatura



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com




ANEXO IV. PLANOS DE LOCALIZACIÓN

Incorpóranse como Anexo IV ás presentes bases os planos de localización das instalacións de servizo de tempada correspondentes a:

Lote 1 - Praia de Mourillá

Lote 2 - Praia de Outeiro

Lote 3 - O Rodo



PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVICIOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVIÑO

* Referencia Planos de deslinde del DPMT 829—I-137 y 828—S-137

LOCALIZACIÓN 1: MOURILLÁ

10 mt 0 10 20 30
Escala 1:2000



SIGNOS CONVENCIONALES PARTICULARES

- Línea límite interior de la ribera del mar en los casos en que no colisiona con la línea de deslinde del D.P.M.T.
- Línea deslinde del D. P. M. T.
- Línea servidumbre de protección
- Línea de deslinde antiguo aprobado con anterioridad
- Línea de perímetro de concesión
- Límite parcelas colindantes.
- Servidumbre de tránsito: 6 m. medidos desde el límite interior de la ribera del mar. Sólo se representa gráficamente en los casos en que la misma se amplíe.
- HITOS, MOJÓN
- VERTICES RED GEODESICA
- VERTICES REPLANTEO

COORDENADAS DE MOJONES

n.º	mojones	z	f	distancia
201	565330.274	4829002.006	11.250	181.9494
202	565348.911	4828988.047	12.000	217.7927
203	565337.933	4828949.796	12.250	267.3011
204	565307.967	4828932.891	12.000	205.9360
205	565306.890	4828921.374	11.000	182.2387
206	565316.315	4828888.473	10.900	133.0618
207	565327.246	4828882.224	10.500	15.4576
208	565331.840	4828900.771	12.250	40.0498
209	565342.334	4828915.191	13.000	127.4193
210	565352.154	4828910.679	12.250	219.4725
211	565349.503	4828902.284	12.150	209.1629
212	565347.707	4828889.892	11.200	142.1299
213	565362.541	4828876.337	8.850	21.2843
214	565375.612	4828915.965	11.250	91.5935
215	565419.543	4828921.800	8.250	18.0215
216	565424.638	4828939.315	10.000	102.8293
217	565435.836	4828938.817	10.500	225.4417
218	565416.071	4828892.021	10.200	98.1820
219	565429.304	4828892.399	12.000	142.2361
220	565434.946	4828887.989	14.000	70.6395
221	565445.229	4828893.099	15.000	177.9429
222	565448.005	4828885.410	15.000	233.1732
223	565440.260	4828871.917	16.000	284.1892
224	565425.291	4828868.121	15.000	192.0932
225	565426.484	4828858.565	15.000	48.2992
226	565431.073	4828863.406	16.000	135.4123
227	565438.293	4828858.917	15.000	104.9310
228	565446.900	4828858.249	15.000	156.6996
229	565453.735	4828857.370	16.000	10.057

* Referencia 829—I-137 y 828—S-137 de los Planos de deslinde del DPMT

Coordenadas del ámbito de actuación


punto	coord. X	coord. Y
1	565273.564	4829014.773
2	565280.564	4829014.773
3	565280.564	4829004.773
4	565273.564	4829004.773




LEENDA	
COSTAS	
Tipo_Línea	
-- DPMT	
— Ribera del mar	
... Servidumbre de protección	
	MOURILLÁ

PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVIZOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVIÑO

LOCALIZACIÓN 1: MOURILLÁ





SIGNOS CONVENCIONALES PARTICULARES

- Línea límite interior de la ribera del mar, en los casos en que no coincida con la línea de deslinde del D.P.M.T.
- Línea deslinde del D. P. M. T.
- Línea servidumbre de protección
- Línea de perímetro de concesión
- Límite parcelas colindantes.

⊙ HITOS, MOJON
D VERTICES RED GEODESICA
O VERTICES REPLANTEO

M O J O N E S				
Nº	X	Y	AZI MUT	DISTANCIA
96	567104.183	4828811.759	290.0937	119.660
97	566985.969	4828793.214	289.8263	118.746
98	566868.736	4828774.318	290.1519	119.121
99	566751.037	4828755.964	260.3987	53.928
100	566707.211	4828724.540		


PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVIZOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVIÑO

* Referencia Planos de deslinde del DPMT


LOCALIZACIÓN 2: OUTEIRO

10 mt 0 10 20 30
Escala 1:2000

Norte



Coordenadas del ámbito de actuación		
punto	coord. X	coord. Y
1	567084.706	4828802.426
2	567089.842	4832024.692
3	567077.973	4832014.692



LEENDA
COSTAS

Tipo_Línea

- DPMT
- Ribera del mar
- Servidumbre de protección

 **OUTEIRO**

PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVICIOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVIÑO


LOCALIZACIÓN 2: OUTEIRO

ORTOFOTO WMS Plan Básico Autonómico - Costas

0 25 50 75 m

Escala 1:2.000





SIGNOS CONVENCIONALES PARTICULARES

--- Línea límite interior de la ribera del mgr.
entos casos en que no coincidan con la línea
de deslinde del D.P.M.T.

--- Línea deslinde del D. P. M. T.

--- Línea servidumbre de protección

--- Línea de perímetro de concesión

--- Límite parcelas colindantes.

⊙ HITOS, MOJON

○ VERTICES RED GEODESICA

○ VERTICES REPLANTEO

COORDENADAS DE MOJONES					
mojones					
Nº	X	Y	Z	f	distancia
290	571311.163	4831986.987	7.000	370.8488	27.564
291	571298.978	4832011.711	8.000	1.2273	17.689
292	571299.319	4832029.397	6.000	381.1373	9.603
293	571296.315	4832036.582	5.400	359.2821	37.943
294	571273.868	4832069.025	5.950	393.1810	63.981
295	571267.028	4832132.639	7.120	374.7334	26.949
296	571256.611	4832157.493	9.350	361.1986	16.316
297	571247.271	4832170.871	6.850	9.9915	77.484
298	571259.382	4832247.403	6.750	388.6347	37.386
299	571252.743	4832284.195	6.500	331.4995	11.934
300	571242.240	4832289.862	10.050	40.9103	11.991
301	571249.426	4832299.461	8.000	374.9983	21.230
302	571241.301	4832319.075	8.000	243.7401	22.330
303	571227.157	4832301.835	10.870	365.5232	32.780
304	571210.260	4832329.924	12.750	339.6898	30.986
305	571185.103	4832348.015	14.500	258.9471	7.375
306	571179.209	4832343.582	15.350	339.9391	31.352
307	571153.827	4832361.996	14.000	377.8347	30.989
308	571143.254	4832391.116	15.350	319.8673	27.945
309	571116.659	4832399.896	19.200	393.6672	35.877
310	571113.096	4832435.396	4.200	46.8054	18.439
311	571125.464	4832449.072	13.100	11.2658	39.661
312	571132.446	4832488.114	11.120		
Total Distancia				637.775	
Total Acumulado				11086.295	

* Referencia 831-I-145 y 831-S-145 de los Planos de deslinde del DPMT

Coordenadas del ámbito de actuación		
punto	coord. X	coord. Y
1	571328.255	4832024.692
2	571335.255	4832024.692
3	571335.255	4832014.692
4	571328.255	4832014.692

PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVICIOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVIÑO


* Referencia Planos de deslinde del DPMT 831-I-145 y 831-S-145


LOCALIZACIÓN 3: O RODO

10 mt 0 10 20 30

Escala 1:2000

Norte





LEENDA

COSTAS

Tipo Línea

- DPMT
- Ribera del mar
- Servidumbre de protección

 O RODO

PROPOSTA de DELIMITACIÓN de ZONAS para a INSTALACIÓN de SERVICIOS de TEMPADA (CHIRINGUITOS) no CONCELLO de VALDOVIÑO

LOCALIZACIÓN 3: O RODO

0 25 50 75 m

Escala 1:2.000

